

I CERTAME DE MICRORRELATO “LUÍSA VILLALTA”

O CMUS de Santiago de Compostela organiza un concurso de microrrelatos baixo a temática “Sons e palabras”, co obxectivo de fomentar o uso da lingua galega.

BASES:

1. Participación:

a) O certame está aberto a todo o alumnado do CMUS de Santiago de Compostela

2. Características dos relatos:

a) Os relatos deben estar escritos en lingua galega, ser orixinais e inéditos, cunha extensión máxima de 150 palabras.

b) Tratarán sobre unha historia ou sensacións que lles evoque algunha das obras que estean a interpretar ou do repertorio clásico. Dita peza irá indicada como título xunto ao microrrelato.

c) Cada participante poderá presentar un so microrrelato.

3. Normas de envío de textos:

a) Os relatos presentaranse na secretaría do CMUS, baixo un pseudónimo, engadindo nun sobre pechado os datos persoais da persoa participante.

b) Os documentos recibidos sen identificación ou con identificación completa quedarán automaticamente excluídos

4. Prazo de presentación:

a) Márcase como data límite o 13 de maio de 2024.

5. Categorías:

Establécense dúas categorías:

a) Alumnado de Grao Elemental ata 12 anos (cumpridos a data de finalización do prazo de presentación)

b) Alumnado de Grao Profesional ou de 13 anos en adiante.

6. Premios

a) Establecerase un premio por categoría, consistente nun lote de libros e un vale de compra de 20 euros na librería Follas Novas.

b) As persoas autoras dos 3 textos finalistas recibirán cadanseu diploma.

c) Se a calidade dos traballos recibidos se considerase insuficiente, os premios poderían quedar desertos.

7. Xurado

O xurado estará formado por profesorado do CMUS, terá facultades plenas para decidir as persoas gañadoras e a súa decisión será inapelable.

8. Comunicación:

Daranse a coñecer as persoas gañadoras e a data e lugar da entrega de premios no taboleiro de anuncios e na web do CMUS o día 13 de maio.

9. Publicación:

a) Os relatos participantes expóranse na Biblioteca do CMUS

b) Coa participación no certame autorízase á organización, sen contraprestación e de maneira expresa a reproducir e comunicar publicamente os seus microrrelatos en calquera soporte, no prazo que estableza a lexislación vixente respectando, en todo caso, os dereitos morais de autoría da obra presentada.

10. Tratamento dos datos persoais

a) En cumprimento da lexislación sobre protección de datos de carácter persoal, os datos das persoas participantes serán incorporadas a un ficheiro responsabilidade do CMUS de Santiago ca única finalidade de xestionar os premios e contactar coas persoas gañadoras

Esta información será totalmente confidencial i empregarase exclusivamente para as finalidades previstas nestas bases.

11. Observacións:

a) O xurado ten a capacidade de decidir libremente sobre a interpretación das bases ou a súa modificación en caso de erro, sendo a súa decisión inapelable

b) A participación no certame implica a total aceptación destas bases